

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA			
<b>CÓDIGO</b>			
<b>MATERIA</b>	Técnicas de realización de materiais		
<b>DISCIPLINA</b>	Técnicas Escénicas II		
<b>TITULACIÓN</b>	Grao en Arte dramática		
<b>ESPECIALIDADE</b>	Escenografía		
<b>ITINERARIO</b>			
<b>CURSO</b>	3º Escenografía		
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	5		
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatorio		
<b>DEPARTAMENTO</b>	Escenografía		
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia		
<b>COORDINADOR/A</b>	M. Carmen Romero Rodríguez		
<b>DOCENTES</b>	<p><b>Nome e apelidos:</b> M Carmen Romero Rguez Ana M. Fdez. Arteaga</p> <p><b>Titorías:</b> <a href="#">Ver WEB ESADG</a></p> <p><b>Departamento:</b> Departamento de Escenografía</p> <p><b>Contacto:</b> <a href="mailto:romerorodriguez@edu.xunta.es">romerorodriguez@edu.xunta.es</a>, <a href="mailto:arteaga@edu.xunta.es">arteaga@edu.xunta.es</a></p>		
<b>DESCRIPCIÓN</b>	Coñecemento e utilización dos procesos produtivos e construtivos. Comprensión dos procesos, elementos e procedementos técnicos. Apreciación da dimensión estética e os límites convencionais de procedementos e elementos técnicos e construtivos.		
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Ter coñecementos básicos de debuxo para afrontar a creación dun proxecto escenográfico e ser resolutivo na construción escenográfica.		
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego X	Castelán	Inglés

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
<b>T3</b>	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T6</b>	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
<b>T10</b>	Liderar e xestionar grupos de traballo.
<b>T11</b>	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
<b>T12</b>	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
<b>T13</b>	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
<b>T14</b>	<p>Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.</p>
<b>T15</b>	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

<b>T16</b>	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
<b>COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN</b>	
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X5</b>	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE</b>	
<b>EE2</b>	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.
<b>EE3</b>	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.
<b>EE5</b>	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>	<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>
1. Obter unha imaxe xeral da disciplina e do escenario como instrumento do espectáculo.	T11, X5, EE2, EE6.
2. Adquirir destreza na construción de elementos escenográficos reais e a escala.	T3, T14, X3, X5, EE2, EE3.
3. Coñecer os distintos materiais posibles para a construción dos elementos escenográficos.	T3, T14, X3, X5, EE2, EE3.
4. Obter coñecemento de maquinaria escénica, decorado e carpintería escénica, tanto de xeito teórico como práctica, na medida do posible.	T11, T14, X3, X5, EE2, EE6.
5. Coñecer, na maior medida posible, o traballo do escenógrafo e os seus proxectos escenográficos.	T12, T13, X5, X6, EE2.
6. Valorar a interrelación entre compañeiros/ás a través das actividades propostas en grupo no ámbito da materia.	T6, T10, T16, X3, X6, EE6.
7. Valorar a orde, a limpeza e o coidado dos materiais e ferramentas que se utilicen, así como o lugar de traballo e estudo.	T1, T15, X6, EE3.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓN (en horas)
1.- TÍTERES E MUÑECÓNS TEATRAIS	1.1 O modelado: barro, cartón, goma-espuma... 1.2 Modelado e vaciado: escaiola, silicona, etc 1.3 Reproducións: cartón, látex, etc	21
2.- ANÁLISE DO MOVEMENTO ESCÉNICO	2.1 Elevación, barras e puntos. 2.2 Traslación, cortiñas, aperturas e voos. 2.3 Elevadores inferiores: escaleiras e ramplas. 2.4 Maquinaria escénica: - Normativa en relación á elevación de cargas e traballos en galería. - Guías e rieles. - Elementos suspendidos e elevación de cargas (Rigging) - Varas manuais, contrapesadas e motorizadas. - Cargas en altura e o seu desprazamento.	24
3.-REALIZACIÓN 1: Títeres e muñecóns	Deseño e construción dun títere ou dun muñecón cos procedementos acadados na parte teórica do tema 1.	38
4.- REALIZACIÓN 2: Elevadores inferiores	Deseño, plantexamento e construción dun módulo practicable que sexa de utilidade na escola (crearase un fondo no almacén).	48
GLOSARIO (traballo do curso)	Realizarase un traballo ao longo de todo o curso a modo de memoria que será unha compilación de todo o realizado durante o curso, a aportación de experiencias persoais, investigacións relacionadas coa materia impartida e a documentación gráfica das actividades prácticas realizadas tanto en horas lectivas como en horas non lectivas.	19
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>150</b>

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	10	4	14
Exposición maxistral	11		11
Exposición práctico-teórica	6	4	10
Práctica individual	26	14	40
Práctica colectiva	3	2	5

Obradoiro	30	12	42
Seminarios			
Actividades complementarias	2	2	4
Outros			
Titorías individuais	9		9
Titorías de grupo	3		3
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	6	3	9
Actividades de avaliación. Revisión	3		3

## 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Dedutivas.	Faise primeiro unha aproximación aos contidos prácticos, baseados estes no contexto terminolóxico; histórico - artístico; clasificatorio (por áreas temáticas).
Indutivo.	Máis acorde con técnicas nas que a clase terá que aplicar os coñecementos e procedementos explicados con anterioridade. Igualmente, o docente tamén aproveitará este proceso para a aplicación práctica de tales coñecementos.
Centrados na transmisión de información.	A través da técnica 'lección maxistral' para a difusión das leccións teóricas e de aproximación ao coñecemento das técnicas no seu apartado histórico.
Centrados en procesos de aplicación.	Coa técnica do 'método demostrativo' procedemos ao achegamento práctico dos coñecementos achegados para afondar posteriormente en técnicas máis complexas, co Método de resolución de casos, para asimilación óptima das leccións a través da clarificación de dúbidas.
Centrados no alumno como suxeito activo.	Unha vez superadas as anteriores fases de aprendizaxe práctica, e mesmo como técnica complementaria ás indicadas nos procesos de aplicación, o docente deixará paso á implicación activa por parte do grupo de alumnos/ás no proceso deseño e posteriormente na proposta que da obra se faga, plasmándoa de forma individual no segundo proxecto.
<b>7. ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>	
Titorías:	<a href="#">Ver WEB ESADG</a>
Contacto:	<a href="mailto:romerorodriguez@edu.xunta.es">romerorodriguez@edu.xunta.es</a> , <a href="mailto:arteaga@edu.xunta.es">arteaga@edu.xunta.es</a>

## 8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

### 8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Capacidade do alumno para analizar, controlar e comunicar o tratamento escenográfico dos elementos mediante o deseño con valores significantes de resolución e previsión de problemas escénicos a nivel técnico e construtivo.	T1, T3, T6, X3, X5, X6, EE3, EE5.	20%
Capacidade investigadora e nivel de risco, adecuación e efectividade na elección de solucións conceptuais, estéticas e técnicas no traballo de clase.	T13, T14, T15, X5, X6, EE3, EE5.	30%
Nivel conceptual, formal e procedemental dos contidos vistos en clase.	T14, T15, X5, EE2.	20%
Grao e nivel de participación e actitude en clase, capacidade e dispoñibilidade de traballo en grupo, e de comunicación e transmisión clara de ideas, así como a capacidade de realizar e aceptar unha crítica construtiva.	T10, T11, X5, EE3, EE5.	30%
Nota: Para a superación da materia deberán haberse entregado tanto as tarefas de clase, a memoria de desenvolvemento e deseño, así como a presentación final do proxecto en correcto tempo e forma. (Os parámetros serán detallados en clase polo docente).		

## 8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
A entrega do traballo e o exame do bloque teórico a realizar, en ambos os dous casos estes terá lugar en xullo. O traballo a desenvolver polo alumno consistirá no traballo do curso nun desenvolvemento amplo e coa aplicación dos contidos teóricos e prácticos vistos no curso, a nivel xustificativo e de deseño (representativo).	T1, T3, T6, T15, T16, X5, X6, EE2.	100%

## 8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
En última instancia a valoración final da nota estará suxeita á media e modo da valoración dos traballos do alumnado en tanto á súa calidade (técnica e artística) e constancia de traballo, no que respecta a un nivel individual, como ao contexto da clase e a escola.	T1, T3, T6, T10, T11, T15, T16, X5, X6, EE2, EE3, EE5.	100%

## 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

AYCKBOURN, Alan. Arte y Oficio del Teatro. Ediciones Robinbook, Barcelona, 2004.

ALONSO DE SANTOS, José Luis. Manual de Teoría y Práctica Teatral. Castalia Universidad, Madrid, 2007.

BREYER, Gastón, La escena presente, Ediciones infinito, 2005.

CALMET, Héctor. Escenografía. Escenotecnia, Iluminación. Ediciones la Flor,

Buenos Aires (Argentina), 2003.

- D. K. CHING, Francis y P. JURSZEK, Steven. *Dibujo y proyecto*. GG, Barcelona, 1999.
- DAVIS, Tony, *Escenógrafos*, Barcelona, Océano, 2002.
- DIDEROT y D'ALEMBERT. *L'Encyclopédie – Théâtres, Machines de théâtre*. Inter Livres (Francia), 2002
- GÓMEZ GARCÍA, Manuel, *Diccionario de Teatro*, Akal, Madrid, 2007.
- GUARDIA, Manuel, y ALONSO, Raúl, *Técnicas de construcción, ornamentación y pintura de decorados*, Madrid, Inst. Of. de RTV., 1988.
- LÓPEZ GUEREÑU, Javier, *Decorado y tramoya*, Cuadernos de Técnicas escénicas, Ciudad Real, Ñaque, 1998
- MILLERSON, G., *Diseño escenográfico para televisión*, Inst.Of. de RTVE., 1993.
- MURCIA, Félix, *La escenografía para el cine. El arte de la apariencia*, Fundación autor, 2002.
- NIEVA, Francisco, *Tratado de escenografía*, Madrid, ed.Fundamentos, 2000.
- OLIVA, César, y TORRES, Francisco, *Historia básica del arte escénico*, Madrid, Cátedra, 2000.
- PORTILLO, Rafael y CASADO, Rafael: *Diccionario de terminología teatral*, Madrid, Fundamentos, 1986.
- VV.AA. *Atlas ilustrado de la madera*. Susaeta Ediciones, Madrid.
- WAGNER, Fernando, *Teoría y técnica teatral*, Barcelona, Editorial Labor, 1974.

## 10. OBSERVACIÓNS

- Este documento estará suxeito a modificacións, en función das necesidades do alumnado, do centro e dos proxectos que poidan xurdir fóra da escola.
- A aula e espazos de traballo deben quedar ordenados e despexados de ferramentas e materiais ao finalizar cada grupo no seu horario de clase. Recoméndase empezar a recoller 10 minutos antes da finalización da clase.
- O uso dos materiais e ferramentas da clase fóra do horario lectivo está suxeito ás normas de permisos de préstamo de chaves do Departamento, responsabilizándose o alumnado dos bens do centro.
- Durante o uso de ferramentas e manipulación de materiais é esencial a aplicación das precaucións e proteccións axeitadas.

### MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

---

TEMA 1. Competencias: T1, T3, T6, X3, X5, X6, EE3, EE5. Ponderación: 20%

---

TEMA 2. Competencias: T13, T14, T15, X5, X6, EE3, EE5. Ponderación: 30%

---



TEMA 3. Competencias: T14, T15, X5, EE2.

Ponderación: 20%

TEMA 4. Competencias: T10, T11, X5, EE3, EE5.

Ponderación: 30%

**Nos exercicios prácticos que se poidan realizar nos domicilios, o alumnado recibirá un kit de materiais e uns vídeos explicativos para a realización dos exercicios.**

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

**AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓN QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).**